ACORDO PARA PRORROGA DO CONTRATO DE SERVIZO DE VIXILANCIA E SEGURIDADE NOS EDIFICIOS ADMINISTRATIVOS DA XUNTA DE GALICIA

En Santiago de Compostela, trinta de xullo de dous mil dezanove

REUNIDOS:

Dunha parte: Dona Beatriz Cuiña Barja, na súa calidade de Secretaria Xeral Técnica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude das facultades delegadas que lle confire a Orde desta Consellería do 29 de decembro de 2017, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 3 do día 4 de xaneiro de 2018, e

Doutra parte: Don Pedro Jesús Capote Conejos, co NIF [redacted] actuando como apoderado en nome e representación da empresa **SASEGUR, SL,** co CIF B78976263 e domicilio social na rúa Mina del Cotorro 1, Navalcarnero, 28600 Madrid, e con poder suficiente, segundo consta en escritura do 1 de xullo de 2013, outorgada ante Don José Antonio García-Noblejas Santa Olalla, notario do Colexio Notarial de Madrid, co número do seu protocolo 1144.

Ámbalas dúas partes se recoñecen competencia e capacidade respectivamente para formalizar o acordo de prórroga.

ACORDAN:

-PRIMEIRO.- Considerar prorrogado o contrato consistente no servizo de vixilancia e seguridade nos edificios administrativos da Xunta de Galicia a partir do día 1 de agosto de 2019 ó abeiro do disposto no artigo 303 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), e conforme ao recollido na cláusula 13.2 do prego de cláusulas administrativas particulares.

SEGUNDO.- Considerar vixente a prórroga por dous meses, para o período comprendido entre o 1 de setembro de 2019 e o 31 de outubro de 2019 (ámbolos dous incluídos).

TERCEIRO.- Manter as mesmas condicións, tanto técnicas como referentes ao

persoal, incluídas no prego de cláusulas administrativas particulares, prescricións técnicas e contractuais, que serviron para a adxudicación do contrato asinado o 28 de febreiro de 2018.

CUARTO.- O prezo total que se compromete a aboar a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ascenderá a un total de **NOVECENTOS TRINTA MIL TRESCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (930.372,35 €) máis CENTO NOVENTA E CINCO MIL TRESCENTOS SETENTA E OITO EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (195.378,19 €) que corresponden ao IVE, o que supón un total de UN MILLÓN CENTO VINTE E CINCO MIL SETECENTOS CINCUENTA EUROS CON CINCUENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.125.750,54 €), IVE incluído**.

Do importe desta prórroga, **TRINTA E CATRO MIL SEISCENTOS SESENTA EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS (34.660,70 €), IVE incluído** serán abonados pola Sociedade SA de Xestión do Plan Xacobeo polo que o pagamento do servizo prestado nestes centros realizarase previa presentación de factura nas que consten os seguintes datos:

SA de Xestión do Plan Xacobeo.
CIF A-15348386
Ctra. Santiago-Noia, Km 3
15896, A Barcia (Santiago de Compostela)

QUINTO.- A empresa presta a súa conformidade ós Pregos de Bases que serviron para a adxudicación inicial do contrato, e sométese, para canto non se atope neles establecido, á lexislación vixente en materia de contratación administrativa que sexa de aplicación ó presente acordo, asinándoo no lugar e data indicados.

O REPRESENTANTE DA ADMINISTRACIÓN

O CONTRATISTA

SASEGUR S.L. EMPRESA DE SEGURIDAD 1590 TEL: 918123394 - 28600 NAVALCARNERO